

ORDENANZA FISCAL NUMERO T18

Taxa por distribución de auga.

Artigo 1º. Concepto e fundamento legal.

De conformidade co previsto no artigo 57, en relación co artigo 20.1 B) amolos dous do Real Decreto Legislativo 2/2004 que refunde o texto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por distribución de auga, incluído-los dereitos de engancho de liñas, que se rexirá pola presente Ordenanza.

Artigo 2º. Feito imponible.

1. O feito imponible da taxa está constituído pola solicitude de alta no suministro de auga potable con independencia do consumo que poida realizarse ou pola utilización do mesmo, aínda cando non se formalizara tal alta en forma regulamentaria; todo isto sen prexuízo das responsabilidades a que houbera lugar.
2. Presúmese que existe utilización do servizo sempre que exista conexión ó entronque na rede municipal de auga, carecendo de contador ou que éste se atope averiado, formalizárase ou non o correspondente contrato de suministro. Para a aplicación desta presunción estarase a canto dispón o artigo 67 do Regulamento do Servizo.

Artigo 3º. Suxeito pasivo e responsables da taxa.

1. Son suxeitos pasivos, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas polos servizos a que se refire esta Ordenanza xa sexa a título de propietario ou de usufructuario, habitacionista, arrendatario ou incluso, de precario.
2. Terán a consideración de suxeito pasivo do contribuínte o propietario das vivendas ou locais que poderá repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os usuarios daquelas, beneficiarios do servizo.
3. Serán responsables da débeda tributaria xunto ós suxeitos pasivos ou debedores principais:
 - a) Solidariamente as persoas ás que se refiren os artigos 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.
 - b) Subsidiariamente as persoas ás que se refire o artigo 43 da lei Xeral Tributaria.

Artigo 4º. Exencións, bonificacións e beneficios tributarios.

1. De conformidade co disposto no artigo 9 do Real Decreto Legislativo 2/2004, non se recoñece exención, bonificación nin beneficio tributario algún, agás os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos Internacionais ou veñan previstos en normas con rango de Lei.
2. Nas obras que se realicen por conta do Concello, o contratista quedará obrigado ó pagamento da auga que consuma, de acordo ós preceptos da tarifa da taxa.

Artigo 5º. Cuota tributaria.

1. A taxa esixirase de acordo ás tarifas que a continuación se especifican:
 - A) Por *entronque* na rede municipal de augas:
 - a) Con carácter xeral pola concesión de licenza de entronque na rede municipal de augas 37,93 euros.

- b) Además por cada vivienda ou local independente de que dispoña o edificio aboarase 18,98 euros.

As indicadas tarifas non incluen os gastos de execución de toma, que serán por conta do solicitante.

B) Por *suministro*:

- a) Establecense os seguintes mínimos de consumo, expresados en número de m³. ó bimestre, cotas mínimas de consumo, expresadas en euros ó bimestre, e prezo de m³. de exceso sobre os mínimos de consumo:

Tipo de uso	Mínimo de consumo (m ³ . ó bimestre)	Cota mínima (euros ó bimestre)	Exceso de consumo (euros por m ³ .)
1. Usos particulares e domésticos	20 m ³ . ao bimestre.	11,081936	0,555669
2. Usos industriais e comerciais			
a) Establecementos dedicados a: cafés, bares, tabernas, bodegóns, casas de comidas, restaurantes e similares	30 m ³ . ao bimestre	20,500562	0,685346
b) Establecementos dedicados a bazares, mercerías e similares	12 m ³ . ao bimestre	8,201997	0,685346
c) Obras de construción ou reparación de edificios	100 m ³ . ao bimestre	200,193337	1,999497
d) Obras de construción ou reparación de vivendas unifamiliares	50 m ³ . ao bimestre	31,612987	0,670919

- b) Non obstante o anterior, cando se trate de establecementos industriais que teñan un consumo superior ós 3.000 m³. mensuais, o exceso de consumo sobre os mínimos será de 0,685346 euros/m³.
- c) Excepcionalmente, e previa autorización expresa deste Concello, os usuarios que consuman do abastecemento de augas a Noceda para usos industriais e agrícola-gandeiros, para conexións que se realicen antes dos depósitos e cloración das augas fíxase unha tarifa de 0,537230 euros/m³ par o mínimo e 0,555669 para os excesos.
- d) Usuarios do termo municipal de Trabada: Ós veciños do termo municipal de Trabada usuarios do Servizo Municipal de Augas de Ribadeo acollidos previo acordo plenario aplicaráselles o mesmo réxime de tarifas anteriormente fixado.
- e) Cuota de depuración : se establece unha taxa de 0,083751 €/mes

2. Establécense uns mínimos para os casos que soamente teñan saneamento de 25 m³ para as vivendas domésticas de 22 m³ para o uso industrial e 112 m³ para cafés, bares, tabernas, bodegóns, casas de comidas, restaurantes e similares.
3. Establecese unha fianza polo importe total de 2 recibos do consumo mínimo, incluíndo todos os conceptos facturados por auga, saneamento, depuración e lixos, á recuperar polo aboado no momento da baixa. Nos casos que produzan baixa de oficio por impago, esta cantidade aplicarase para minorar os custes serrados na reclamación da débeda.

Artigo 6º. Dereito á percepción.

1. Terase dereito á percepción da taxa cando se inicie a prestación do servizo previa a correspondente solicitude, ou desde que se utilice éste sen obterse a previa licenzia.
2. O período impositivo será bimestral.

Artigo 7º. Normas de xestión.

1. A débeda tributaria derivada da taxa liquidarase por Padrón formado pola totalidade das pólizas suscritas en vigor durante o período de liquidación. A inclusión en Padrón realizarase de oficio, xa sexa como consecuencia da obriga tributaria formal de alta ou da actividade inspectora municipal.
2. O período de liquidación coincidirá co impositivo sinalado no artigo 6º.2 desta Ordenanza, tendo as tarifas que se perciban durante o mesmo, carácter irreductible.
3. A recadación da taxa realizarase mediante recibo no que se poderá facer constar conxuntamente con as cotas a aboar polo mesmo usuario pola prestación deste servizo e os de recollida domiciliaria de lixo e os sumidoiros, no seu caso.
4. A forma de pagamento será en efectivo, mediante domiciliación en entidade bancaria, e o prazo de pagamento en voluntaria da taxa será o aprobado ó tempo de aprobación do padrón, cunha duración mínima de dous meses.
5. O impago en período voluntario orixinará automaticamente o inicio do período executivo, sen prexuízo da presunción de baixa contida no artigo 8º.3 desta Ordenanza.
6. En todo o non previsto nesta Ordenanza será de aplicación o Regulamento do Servizo publicado no B.O.P. número 29 de 5 de febreiro de 1998, corrección de erros no BOP número 61 de 16 de marzo de 1998.

Artigo 8º. Obrigas tributarias formais.

1. Constitúese como obriga tributaria formal dos suxeitos pasivos da taxa, tanto contribuíntes como substitutos, a presentación no Rexistro Xeral do Concello das solicitudes de alta e baixa no censo de suxeitos pasivos da taxa, no prazo que media entre a data en que se produza a variación na titularidade da finca e o último día do mes natural seguinte. Estas últimas declaracións surtirán efecto a partir da primeira liquidación que se practique unha vez rematado o prazo de presentación de ditas declaracións de alta e baixa.
2. Non se admitirán baixas temporais no servizo de auga ós aboados, polo que, aínda no caso de ausencia, se liquidará a cota mínima que se estableza, a non ser que o aboadado cause baixa definitiva, neste caso procederase ó corte do servizo, debendo solicitar se desexa de novo o servizo, a alta nova no mesmo.
3. De acordo co establecido nos artigos 15 e 60 do Regulamento do Servizo, a falta de pagamento de dous recibos consecutivos presúmese como renuncia ó contrato de subministración, iniciándose neste momento expediente para o seu corte, sen prexuízo da tramitación executiva da débeda tributaria impagada.

Artigo 9º. Infraccións e defraudacións.

1. En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto no Título IV da Lei Xeral Tributaria e elo sen prexuízo das que conforme ó Regulamento do Servizo se poidan impoñer.
2. Considerase defraudación a utilización do servizo sen a previa formalización do correspondente contrato de suministro, e a utilización da auga para fins distintos dos autorizados.

Disposición derradeira. Entrada en vigor e comezo de aplicación da Ordenanza.

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo” e comezará a súa aplicación na mesma data.

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada no seu artigo 5 por acordo plenario de data 19 de xaneiro de 2009 e publicado no BOP número 29 de 5 de febreiro de 2009

DILIXENCIA: o artigo 5 da presente Ordenanza foi modificado por acordo plenario de 15 de novembro de 2010 e publicado no BOP 24 de 31 de xaneiro de 2011

DILIXENCIA: a presente Ordenanza foi modificada no seu artigo 5 por acordo plenario de data 26 de decembro de 2011 e publicado no BOP número 299 de 31 de decembro de 2011.